

Nunca revele sus contraseñas o números de tarjetas de crédito en una conversación de mensajes instantáneos.

estíbaliz... dice:

**ola?**

zerovacas@hotmail.com dice:

ola

zerovacas@hotmail.com dice:

son marcos, de vieiros

zerovacas@hotmail.com dice:

tes tempo agora?

estíbaliz... dice:

**si, si**

estíbaliz... dice:

**perdoa, crin que aparecía como conectada, pero houben pechar e abrir de novo para aparcer**

zerovacas@hotmail.com dice:

pois se queres, antes de pasar ao libro en si, podemos comezar falando do formato

estíbaliz... dice:

**vale**

zerovacas@hotmail.com dice:

por que decidiches publicalo na rede?

zerovacas@hotmail.com dice:

en creative commons

zerovacas@hotmail.com dice:

e en descarga gratuita

estíbaliz... dice:

**atraíame [a atráeme] a posibilidade de "libro híbrido" que dá a rede: un libro con sons, con fotografías, con cambios na tipografía ou nas cores. Que conste que antes envíeino a algunhas editoriais e non tivo sorte: ningunha me contestou**

zerovacas@hotmail.com dice:

claro, ia tamen a ese tema

zerovacas@hotmail.com dice:

á variedade de formatos: poemas recitados, musicados

estíbaliz... dice:

**o da descarga gratuíta e a licenza Creative Commons: vén sendo unha tarefa absurda e titánica poñerlle cancelas á libre circulación dos "artefectos" de cultura**

zerovacas@hotmail.com dice:

con música feita por ti

zerovacas@hotmail.com dice:

é a primeira vez que musicas poemas?

estíbaliz... dice:

**bueno, o da música é unha cousichiña experimental e pequena que fixen hai bastantes anos fuchicando co sound forge. Pareceume que podía irle ben ao libro**

zerovacas@hotmail.com dice:

estás satisfeita co resultado. Cres que lle deu a atmósfera que esperabas?

estíbaliz... dice:

**home, de adolescente "compuña" coa guitarra e tal, pero si é a primeira vez que publico un monstroiño semellante**

estíbaliz... dice:

**a atmosfera? nalgúns casos si [no de cryo-hibernación]. Nos demais casos... eu son difícil de contentar co traballo propio. Por iso non paro**

zerovacas@hotmail.com dice:

indo ao libro, sorprende a presenza constante desa temática, ligada á robótica, á tecnoloxía, ao espacio...

zerovacas@hotmail.com dice:

cando naceu ese interese?

estíbaliz... dice:

**na máis tenra infancia, cando nos nace todo**

estíbaliz... dice:

**sempre me gustou ir ao planetario**

estíbaliz... dice:

**gústame a ciencia-ficción e, sobre todo, a profunda reflexión que encerra a construción dunha máquina pensante. Coido que é o grande tema do noso tempo**

zerovacas@hotmail.com dice:

pero non estaba presente noutras obras anteriores túas, como pan ou numero e

estíbaliz... dice:

**os autómatas, o ilusionismo... un creador e a súa criatura entablan unha relación tensa e intensa**

estíbaliz... dice:

**en número e si xa comeza a haber unha teima polo cyborg**

zerovacas@hotmail.com dice:

no fondo, o tema dos automatatas, por exemplo, está moi presente na vida diaria

zerovacas@hotmail.com dice:

nas rutinas diarias

estíbaliz... dice:

**e en -orama hai unha fascinación polo ollo, a vista [ de aí o título] e algúns poemas nos que me visto de astronauta**

estíbaliz... dice:

**a que te referes co dos autómatas na vida diaria?**

zerovacas@hotmail.com dice:

a vida diaria empuxanos a ser automatatas, un pode escoller entre deixarse arrastrar ou fuxir desa corrente, non cres?

estíbaliz... dice:

**ah, ben. Coido que é mooi difícil sustraernos á nosa natureza de autómatas. creo que si o somos porque empregamos dispositivos aprendidos: a nosa memoria colectiva, por exemplo, é un como un chip que vai mudando co tempo. Somos moito menos autónomos, persoais e orixinais do que a publicidade nos di e nos gustaría ser. Non sei se cho parece tamén... é unha opinión**

zerovacas@hotmail.com dice:

si, eu creo que imos escapando

estíbaliz... dice:

**cres que escapamos de ser autómatas. Eu non.**

estíbaliz... dice:

**Coido que os espazos de liberdade do ser humano son tan diminutos e preciosos que hai que procuralos como quen busca ouro**

zerovacas@hotmail.com dice:

pensei que puxeras que "somos moito menos autómatas..."

zerovacas@hotmail.com dice:

en todo caso, estamos de acordo na loita continua que iso supón

estíbaliz... dice:

**jajaja. se queres cambio de letra. Agarda, poño unha máis claraña**

zerovacas@hotmail.com dice:

e na importancia do tema no noso tempo

zerovacas@hotmail.com dice:

moitas veces cando moita xente ten diante un texto cunha temática futurista (en todos os seus sentidos) ou ligada en certa forma ao que se denomina ciencia-ficción, parécelle un tema moi alleo á vida cotiá, á súa vida

estíbaliz... dice:

**si, claro. Tratamos constantemente de non ser "o peixe morto que segue a corrente", como dicía unha famosa pintada da Coruña. A cousa é que moitas veces a transgresión e a orixinalidade véndense en pack. eu descreo delas**

zerovacas@hotmail.com dice:

estou de acordo

zerovacas@hotmail.com dice:

cal cres que é a saída, pois?

estíbaliz... dice:

**En canto ao da ciencia-ficción: para min a ciencia-ficción é a filosofía do noso tempo: faise preguntas fundamentais sobre o ser humano, a intelixencia, as emocións, a percepción, o noso lugar no cosmos, o artificio, a Vida... Todo iso interésame e si coido que é vida diaria. non me interesa a poesía para a autocompaixón**

estíbaliz... dice:

**de feito, detesto esa dimensión solemne da poesía como unha elevación na que ao final o poeta flaxébase para congraciarse co posíbel lector**

zerovacas@hotmail.com dice:

e a saída? onde se atopan eses espazos de liberdade?

estíbaliz... dice:

**supoño que cadaquén terá as súas propias receitas. É moi difícil ás veces manter e soste un pensamento, unha idea, que non encaixa nos esquemas do esperábel. Supoño que hai que intentar evitar o que eu chamo o pensamento-en-pack. Os espazos de liberdade son construcións humanas que mudan co tempo: para algúns a rede pode ser un espazo de liberdade como o foi o cine nas súas orixes, ou o teatro...**

estíbaliz... dice:

**...Co tempo, eses espazos poden converter tamén en lugares claustrofóbicos e sobresaturados, como lle acontece hoxendía ao ámbito musical**

zerovacas@hotmail.com dice:

os cyborgs namoran? no amor un é máis ou menos autómata?

estíbaliz... dice:

**jajaja. Pois... os cyborgs claro que namoran, son organismos vivos. os robots, supoño que acabarán desenvolvendo sistemas de resposta similares [como Bender en Futurama]. Cando namoramos... non temos ás veces a sensación de sermos títeres, monicreques das nosas hormonas e células sexuais? "Iso significa ser escravo", que diría o outro**

estíbaliz... dice:

**o amor é un sistema de escravitude que ninguén quere abolir, e síntoo por acabar de ter escrito esta frase con aire de cita pomposa**

zerovacas@hotmail.com dice:

e para que serve o zoom? que queres ver con el?

estíbaliz... dice:

**a verdade titulei xa tantos textos "zoom" que xa é vergoñento que agora saque un libro con ese nome de novo. Engadinlle as emes por ...mmmm... o blog que levo, e pola onomatopeia en si. O que teño na cabeza é un zoom que non se achega ao ser humano, senón que se alonxa del [e de min mesma, tamén]. Un zoom descomunal que comeza, por exemplo, na meniña dun ollo e acaba por saír do sistema solar...**

estíbaliz... dice:

**... Algo similar a un efecto que vin unha vez hai anos na serie Cosmos, de Carl Sagan**

estíbaliz... dice:

**... un zoom que comezaba nunha parella ás beiras dun lago e chegaba aos confíns da nosa galaxia**

estíbaliz... dice:

**... eu, coma todos, son moi voyeur**

zerovacas@hotmail.com dice:

os namorados miran as estrelas, non si?

estíbaliz... dice:

**non. Os namorados míranse no espello, compracidos. Son os que están perdidos, os pastores, os nómades os que teñen que se guiar por elas**

estíbaliz... dice:

**que conste que a min gustábame levar ás miñas parellas ao planetario**

estíbaliz... dice:

**cando namoraba así en plan cósmico**

zerovacas@hotmail.com dice:

que importancia ten para ti o blog? que influencia ten na túa poesía? e nas túas relacións?

estíbaliz... dice:

**O blog: para min é un laboratorio, un lugar no que deito moitos escritos que non foi posíbel publicar doutro xeito [son preguiceira e non moi exitosa na miña xestión coas editoriais galegas]. Influencia na poesía: non moita, a verdade. pero si é un formato en cápsulas [como a poesía] que resulta atractivo e dixeríbel. E que permite algo máis que malvadas palabras. Nas miñas relacións: o blog....**

estíbaliz... dice:

**... quizais non goce [como formato] do prestixio do libro, a revista.. etc. sen embargo eu teño atopado voces brillantes e lúcidas nos blogs. O seu número é excesivo, si, pero tamén o número de libros publicados. Un blog é un dispositivo de comunicación, como é o libro que, simplemente, ofrece "prestacións" distintas. Pero todo depende de quen estea detrás, naturalmente**

zerovacas@hotmail.com dice:

e logo toda a rede de relacións que se crea

zerovacas@hotmail.com dice:

no libro hai un poema dedicado a maria mariño. Cres que xa está totalmente normalizado o lugar da muller na literatura galega?

estíbaliz... dice:

**se estivera normalizado non sería un termo marcado: "literatura de muller", dicimos. Hoxendía ser muller e escribir vende. Tampouco é iso. Coido que poden enganar moitos egos con esa fórmula. En canto ás mulleres antigas, as que habían disfrazarse de homes ou poñerse pseudónimos masculinos ou vivir á sombra... na literatura galega habería máis que María Mariño que seica descubran co tempo. Ou non**

zerovacas@hotmail.com dice:

xa, e a iso referiame tamén

zerovacas@hotmail.com dice:

ás etiquetas. Mesmo ti entraches nesta etiqueta de "poetisas dos 90"...

zerovacas@hotmail.com dice:

comeza a superarse?

estíbaliz... dice:

**A muller estará normalizada cando deixe de ser un termo marcado na linguaxe, no marketing... Iso terá a vantaxe de non ter por que dar explicacións... Hoxendía ser muller, nesta parte do mundo, na opulencia na que vivimos, nesta indolencia, pode chegar a ser un privilexio. Agora, como muller non acepto caramelos de adulación**

estíbaliz... dice:

**Quere isto dicir: queda traballo. E na literatura galega, como en moitos outros eidos, haberá moitas máis figuras por desenterrar**

zerovacas@hotmail.com dice:

estou de acordo

zerovacas@hotmail.com dice:

se queres, imos rematando.

estíbaliz... dice:

**como queiras. ti tiñas que marchar agora, non?**

zerovacas@hotmail.com dice:

sempre fixeches moitas cousas: actriz, cantaches algo, podcasts...

estíbaliz... dice:

**cantar, cantei moito. Dedícome a iso. mal que ben...**

zerovacas@hotmail.com dice:

en que estás traballando agora, en que proxectos (se se poden adiantar)?, novo libro?

estíbaliz... dice:

**pero se te fixas nesa aprente variedade, todo ten algo que ver: a simulación.**

zerovacas@hotmail.com dice:

certo

estíbaliz... dice:

**proxectos, varios. Libros híbridos como este do que falamos hoxe, un proxecto de sons no que levo xa tempo, e tamén un traballiño de acryz de anda por aí, a ver a ver. Dáme "superstición" falar diso, non por chorrada nin por facerme a interesante, senón porque ás veces falar de algo é escarallalo. Perdón, fodelo**

estíbaliz... dice:

**onde di acryz, debe dicir actriz, desculpa. Unha obra de teatro**

estíbaliz... dice:

**a ver, que me trabuco: a frase correcta é "un traballiño de actriz que anda por aí"**

zerovacas@hotmail.com dice:

vale

estíbaliz... dice:

**pero libros teño varios en mente, si**

estíbaliz... dice:

**e o formato online gustoume pero que moito**

estíbaliz... dice:

**rápido, "customizado", de descarga libre, sen anestésias...mmmm**

zerovacas@hotmail.com dice:

se queres, pechamos con ese mmmm tan teu

estíbaliz... dice:

**pero, calro, non cehgá a todo o mundo. A miña nai non ten nin idea de que publiquei un libro**

zerovacas@hotmail.com dice:

son distintos públicos

estíbaliz... dice:

**jajaja. O mmmm é universal. En todos os foros aparece. Por iso gustoume**

estíbaliz... dice:

**... cando alguén pensa unha resposta... pois mmmm**

zerovacas@hotmail.com dice:

pois, a non ser que queiras engadir algo, a min váleme. Creo que vai quedar ben. Teño que armala un pouco e xa. Ademais vou poñer os audios que colgaches na regueifa, se non tes inconveniente

estíbaliz... dice:

**non, claro. Colga o que queiras**

zerovacas@hotmail.com dice:

se queres, cando vaia saír, chámote e douche o link, e dime que che parece, e se queres cambiar algo

estíbaliz... dice:

**por min está ben tamén**

estíbaliz... dice:

**ah, pois moi amábel**

zerovacas@hotmail.com dice:

foi un pracer falar contigo

estíbaliz... dice:

**igualmente**

zerovacas@hotmail.com dice:

(e que teño que marchar)

estíbaliz... dice:

**zerovacas**

estíbaliz... dice:

**chau**

estíbaliz... dice:

**bule**

zerovacas@hotmail.com dice:

por certo, o meu blog é zerovacas@blogspot.com

zerovacas@hotmail.com dice:

chau

estíbaliz... dice:

**coñezo, coñezo**

estíbaliz... dice:

**grazas, chau**

zerovacas@hotmail.com dice:

por certo unha cousiña

zerovacas@hotmail.com dice:

tes gravada esta conversa?

estíbaliz... dice:

**pois non**

estíbaliz... dice:

**grávoa?**

zerovacas@hotmail.com dice:

si, e se podes enviáma

estíbaliz... dice:

**[por certo, noraboa polo teu blog. É moi bo]**

zerovacas@hotmail.com dice:

eu ia gravando

zerovacas@hotmail.com dice:

pero pecheina e perdin as ultimas liñas

zerovacas@hotmail.com dice:

as presas, xa se sabe

zerovacas@hotmail.com dice:

(pois gracias, eu leo bastante o teu)

estíbaliz... dice:

**xa a teño gardada, non te preoupes. Mándochá ao teu correo**

zerovacas@hotmail.com dice:

vale, grazas

zerovacas@hotmail.com dice:

cabeciña...

zerovacas@hotmail.com dice:

pois marchó, e de novo, foi un pracer

zerovacas@hotmail.com dice:

chau!!

estíbaliz... dice:

**de novo, grazas. E bule, ho, que non chegas. Ata vérmonos**

estíbaliz... dice:

**:]**

No se pudo entregar el mensaje siguiente a todos los destinatarios:

**:]**